

2022/23

PLA

PLAN DO DPTO. DE ORIENTACIÓN- CEIP A MAÍA

ÍNDICE

1. Introducción
2. Xustificación
 - 2.1. Normativa legal básica
 - 2.2. Marco psicopedagógico
 - 2.3. Contexto
3. Departamento de Orientación
 - 3.1. Composición
 - 3.2. Reunións
4. Accións prioritarias
5. Obxectivos
 - 5.1. Co alumnado
 - 5.2. Co profesorado
 - 5.3. Coas familias
6. Planificación Xeral e Temporalización
7. Estratexias xerais de intervención.
8. Recursos
9. Alumnado atendido con reforzo de PT/AL
10. Criterios de seguimento e avaliación do Plan

1. INTRODUCCIÓN

Queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnado, profesorado e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfronta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co contorno; contribuindo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenvolven nela e, conseguintemente, da acción educativa.

A orientación é un deber compartido por todos os mestres/as que traballamos no centro, coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos, e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagógico-didáctico que articula, a medio e longo prazo, as actuacións relacionadas coa **orientación** e a **acción titorial**. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada, é parte da organización pedagógico-educativa do centro e, consecuentemente, debe incardinarse coa actividade e estrutura xeral deste. O Plan de Orientación conforma pois, un documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción titorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo Claustro do Profesorado e as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O noso Plan de Orientación estrutúrase nos seguintes bloques:

- Descrición do contorno no que se desenvolve o proceso orientador.
- Obxectivos da orientación para o conxunto do sistema.
- Accións de orientación prioritarias.

- Estratexias de intervención.
- Criterios e formas de avaliación do Plan de Orientación.

2. XUSTIFICACIÓN

2.1. Normativa legal básica

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de abril).
- Orde do 24 de xullo do 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG do 31 de xullo).
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- *DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.*
- ORDEN de 25 de enero de 2022 por la que se actualiza la normativa de evaluación en las enseñanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato en el sistema educativo de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos

alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan ensinanzas de réxime xeral e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.

2.2. Marco psicopedagógico

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro de Educación, establece o marco no que se van desenvolver todas as accións educativas. Recolle entre os seus principios básicos o logro de:

- Garantizar a inclusión educativa
- A atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, participación e convivencia

- A prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas axeitadas tan pronto como se detecten calquera destas situación.

Terán especial atención as medidas de atención á diversidade para, por medio da prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica dos apoios e reforzos oportunos, lograr o marco dunha escola inclusiva que implemente as medidas organizativas e/ou curriculares necesarias para asegurar o principio de equidade, sen prexuízo de garantir unha educación de calidade para todo o alumnado. Desta maneira, a atención á diversidade é unha medida que responde ás necesidades de todo o alumnado.

2.3. Contexto

O CEIP A Maía atópase situado no concello de Ames, provincia de A Coruña, nunha zona de poboación urbana. Conta con 6 unidades de Educación Infantil e 19 de Educación Primaria.

O **edificio principal**, no que se escolariza o alumnado de Primaria, consta de dúas plantas con 18 aulas, unha biblioteca, unha aula de informática, aula de idiomas, aula de música, aulas para titorías e aulas para o Departamento de Orientación. Na planta baixa do edificio están situados a conserxería, os despachos do equipo directivo. No **outro edificio** impártese a Educación Infantil, distribuíndo o alumnado en 8 aulas.

Entre outros servizos, o Centro dispón de **transporte escolar** e **comedor**, ademais do servizo de **bos días cole, tardes divertidas**, e outras actividades extraescolares organizadas polo Concello.

O alumnado do centro pertence a niveis socioeconómicos variados, que van dende a clase baixa á media e media-alta. O alumnado que acode ao Centro é, na súa maioría, da vila de Bertamiráns, pero nos últimos anos está a aumentar o nº de alumnado procedente do estranxeiro que se incorpora ao noso colexio ao longo de todo o curso escolar. **3.**

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.1 Composición

En cumprimento do establecido na normativa, o Departamento queda integrado polas seguintes persoas:

- Xefa do Departamento: Merayo Buján, Concepción
- Profesoras especialistas en PT: Picher Núñez, M^a Jesús; Villar Álvarez, Carolina.
- Profesores/as especialistas en AL: Brenlla Pereira, Laura; Pérez González, M^a Teresa.
- Directora: Isabel Abelleira Bardanca
- Coordinador de Educación Infantil: Maceira Castro, Sandra.
- Coordinadores de nivel de Educación Primaria:
 - 1º: Tuñas González, Sonia
 - 2º: Ruso Valiña, Miriam
 - 3º: Gómez García, Ana
 - 4º: Rodeiro Cereijo, Ana Vanessa
 - 5º: Vilela Pájaro, Adrián
 - 6º: Barros Martínez, Cristina

3.2. Reunións

As reunións do Departamento de Orientación se realizarán unha vez ao mes, os luns, en horario de 18:30 a 19:30 horas, coincidindo coa reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica e a continuación da mesma.

Asemade, o Departamento coordinarase co do IES de Ames ao longo do curso.

3.3. Por outro lado, o **Equipo de Orientación** está integrado por:

- Xefa do Departamento: Merayo Buján, Concepción
- Profesoras especialistas en PT: Picher Núñez, M^a Jesús; Villar Álvarez, Carolina.
- Profesores/as especialistas en AL: Brenlla Pereira, Laura; Pérez González, M^a Teresa.

O equipo de Orientación realizará unha reunión ao mes como mínimo para coordinación.

4. ACCIÓNS PRIORITARIAS

Dacordo coa Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, podemos destacar as seguintes:

- ✚ Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do Proxecto Educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medias de atención á diversidade e a acción tutorial.
- ✚ Elaborar e poñer en práctica medidas destinadas á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- ✚ Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- ✚ Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha axeitada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

5. OBXECTIVOS

6.1. Co alumnado

- Detectar, en colaboración con titores/as e outro profesorado, as necesidades ou dificultades do alumnado.
- Realizar o seguimento personalizado do seu proceso de aprendizaxe.
- Favorecer a integración e a participación do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Fomentar a transmisión dos valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a igualdade, o respecto e a xustiza, a saúde.
- Favorecer a solidariedade e a tolerancia con outras etnias e con outros/as nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
- Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes participativas, tanto no centro como no entorno.
- Favorecer o autocoñecemento e a autoestima.
- Mellorar as habilidades sociais.

6.2. Co profesorado

- Tomar decisións de cara á mellora da orientación educativa.
- Dar resposta axeitada ás NEAE/NEE
- Orientar na realización das adaptacións curriculares.
- Orientar e colaborar na planificación curricular e desenvolvemento de medidas educativas

específicas para o alumnado con nee/neae.

- Facilitar as aprendizaxes significativas do alumnado.
- Fomentar a formación permanente do profesorado.

6.3. Coas familias

- Contribuír ao mantemento dunha relación fluída entre os pais e o profesorado.
- Proporcionar información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Proporcionar información sobre os/as seus/súas fillos/as.
- Promover a súa implicación na acción educativa.
- Favorecer a súa colaboración no fomento entre os/as nenos/as da autorresponsabilidade, da adquisición de hábitos de saúde, traballo e estudo, da lectura, etc.
- Orientar e colaborar coas familias no seguimento e atención do alumnado con nee/neae.

6. PLANIFICACIÓN XERAL E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADES	AXENTES DE REALIZACIÓN
Setembro e outubro:	
<ul style="list-style-type: none"> •Constitución do Departamento de Orientación •Elaboración do Plan do Departamento de Orientación. •Elaboración dos programas individuais do alumnado con nee/neae •Organización de apoios e reforzos. •Confección de horarios de atención ao alumnado con NEAE •Seguimento do Plan de Integración e Acollida do alumnado inmigrante. •Posta en funcionamento de Grupos de Adquisición de 	<p>DO</p> <p>Orientadora</p> <p>Equipo de Orientación</p> <p>Equipo de Orientación</p> <p>Equipo de Orientación</p> <p>DO</p>

<p>Linguas/ Grupos de Adquisición da competencia curricular, se procede.</p> <ul style="list-style-type: none"> •Colaboración coas titorías para o desenvolvemento das reunións de pais/nais. •Seguimento do Plan do Departamento de Orientación •Asesoramento sobre formación de profesorado. •Avaliacións de alumnado de PT e AL •Asesoramento a pais e profesorado sobre aspectos que poden incidir na mellora do rendemento do alumnado. •Fixación de criterios de preferencia para a atención das solicitudes de intervención do DO. •Asesoramento ás familias para a solicitude e tramitación das becas para o alumnado con nee/nea •Coordinación da atención ás NEAE cos profesores de PT, AL, os equipos docentes e o equipo directivo 	<p>DO/Orientadora</p> <p>Equipo de Orientación</p> <p>Equipo de Orientación</p> <p>Orientadora</p> <p>Equipo de Orientación</p> <p>DO</p> <p>Orientadora</p> <p>Equipo de Orientación</p> <p>Orientadora</p> <p>Equipo de Orientación</p>
<p>De outubro a xuño:</p>	
<ul style="list-style-type: none"> •Estudo de casos individuais á proposta do/a titor/a ou familia. •Realización de avaliación e Informe psicopedagóxico ao alumnado obxecto de ACS/RE •Avaliacións de alumnado de AL •Seguimento das medidas de RE e das ACI •Establecemento de criterios de preferencia na organización de apoios e reforzos a alumnos/as con NEAE. •Asesoramento a pais e profesorado sobre aspectos que poden incidir na mellora do rendemento do alumnado. •Colaboración co EOE para informes que conclúan en 	<p>Orientadora e titores/as</p> <p>Orientadora</p> <p>Profesoras de AL</p> <p>Orientadora</p> <p>Orientadora</p> <p>DO</p> <p>Orientadora</p>

<p>ditames de escolarización, así como, para avaliacións específicas en función das características do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> •Asesoramento no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares. •Coordinación da atención ás NEAE cos profesores de PT, AL, Coidadores, os equipos docentes e o equipo directivo. •Coordinación da intervención do Departamento coas distintas institucións e profesionais que inciden na atención ao alumnado: familias, EOE, Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e calquera outro profesional que participe na atención aos/ás alumnos/as. •Participación nas sesións de avaliación. •Seguimento do Plan de Convivencia. •Planificación conxunta, co IES de Ames, do Plan de Transición á ESO para o alumnado de 6º de Educación Primaria. •Participación no desenvolvemento de programas específicos. •Revisión do Plan de Acción Titorial e do Plan de Atención á Diversidade. 	<p>Orientadora</p> <p>Equipo de Orientación</p> <p>Orientadora</p> <p>Orientadora</p> <p>Equipo de Orientación/Orientadora</p> <p>Orientadora</p> <p>Orientadora/Titores/as</p> <p>DO</p>
<p>Actuacións de fin de curso. Xuño:</p>	
<ul style="list-style-type: none"> •Elaboración de Informes de Final de Etapa para alumnado con NEAE •Aportación de conclusións e recomendacións na Xunta de avaliación final. •Elaboración da Memoria de actividades do D.O. 	<p>Equipo de Orientación</p> <p>Equipo de Orientación</p> <p>Equipo de Orientación</p>

--	--

7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

O traballo basearase na elaboración conxunta de propostas de actuación cooperativa e dende un marco de corresponsabilidade. A orientadora responsabilizarase de elaborar propostas a partires tanto das propias iniciativas como daquelas que xurdan do profesorado, alumnado ou familias.

Tentarase traballar mediante un modelo de asesoramento e concreción de programas de intervención segundo demandas. A perspectiva da intervención procurará ser individual e grupal, distribuíndo as tarefas segundo os sectores e persoas implicadas, procurando responsabilizar a cada quen do seu labor para unha mellor consecución dos obxectivos propostos.

No tocante á atención á diversidade, os **criterios prioritarios xerais á hora de establecer os reforzos de PT/AL** serán os seguintes:

1. Atenderáse de forma preferente ao alumnado que conte cun Informe Psicopedagóxico que así o determine.
2. En segundo lugar, aquel alumnado obxecto dunha Adaptación Curricular Significativa.
3. Daráse continuidade aos apoios realizados no curso anterior, priorizando os correspondentes aos niveis inferiores.
4. En Educación Infantil atenderánse aqueles casos de maior gravidade, determinados no correspondente informe. Non se atenderá ao alumnado de 3 anos con alteracións da fala de tipo evolutivo.
5. Priorizaráse a atención ao alumnado que repite curso.
6. Buscaráse máis un apoio de calidade que de cantidade.
7. O apoio será, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria, facilitando a integración do alumno/a na mesma. Poderá saír da aula únicamente aquel alumnado que conte cun Informe xustificativo desta necesidade, non excedendo en ningún caso o tempo de intervención dun terzo

da xornada escolar semanal.

8. Os apoios dirixiranse preferentemente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Linguaxe e Matemáticas, de conformidade coa adaptación curricular elaborada polo titor ou mestre de cada unha destas áreas, en coordinación co profesorado de apoio.

9. Os apoios levaranse a cabo preferentemente durante as sesións nas que se imparten as áreas de Lingua, Matemáticas, ciencias da natureza e ciencias sociais.

A distribución horaria dos apoios estará suxeita a modificacións ao longo do curso, segundo a evolución dos alumnos e a dinámica do centro. Os alumnos suxeitos de reforzo educativo e que non o puidesen recibir ou para os que non se considerase necesario o apoio especializado recibirán o reforzo por parte dos profesores con dispoñibilidade horaria para estas funcións, que contará coa colaboración do equipo de orientación.

A avaliación realizarase en tódalas fases (inicial, procesual e final) por parte dos distintos axentes que participan no reforzo de forma directa ou indirecta; poñendo en común a información aportada respectivamente pola familia, o profesorado e mailo propio alumnado.

Os **criterios de preferenza que se establecen para atender ás solicitudes de intervención do Departamento de Orientación** son:

1. Peticións realizadas no pasado curso escolar e que non puideron ser abordadas.
2. Alumnado escolarizado en cursos inferiores aos que lles correspondería por idade, con serio fracaso escolar e/ou susceptible de ACS.
3. Alumnado de cursos inferiores.

8. RECURSOS

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispón o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo recorrer a axentes externos (EOE, CAFI, Inspección...) cando así o requira a actuación demandada ou o programa.

Recursos persoais: Como recursos humanos internos ao centro contamos cos titores/as, profesores/as especialistas, 2 especialistas de PT, 2 especialistas de AL, 1 orientadora e 2 coidadoras.

Recursos técnicos: ordenadores, tablets, tests, rexistros, enquisas, materiais para a reeducación pedagóxica e da linguaxe, programas informáticos, bibliografía, etc.

Recursos económicos: o Departamento dispón para este curso dunha dotación económica de arredor de 250 €.

9. ALUMNADO ATENDIDO CON APOIO DE PT/AL

Na Memoria do Departamento de Orientación do pasado curso escolar, recollíase a previsión de alumnado que vai precisar de apoio Educativo de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe durante o presente curso. Considerando as modificacións introducidas logo da avaliación inicial, o alumnado a atender é o reflectido na seguinte táboa (que pode modificarse ao longo do curso):

APOIOS		PT	AL	PT + AL	Nº TOTAL DE ALUMNADO
ETAPA	CURSO				
E	4º	2	2	2	2
	5º		5		5
	6º	3	16		19
EP	1º	2	7	1	9
	2º	3	8	1	11
	3º	3	5	1	8
	4º	4	5	1	9
	5º	5	6	3	8
	6º	5	1	1	6
TOTAL		27	55	10	41

10. CRITERIOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación realizarase ao longo do curso, reflectíndose ao remate do mesmo na memoria do Departamento de Orientación. Tentarase valorar a maneira na que se levou á práctica a programación prevista, atendendo a:

- Obxectivos acadados.
- Accións programadas e adecuación das mesmas aos obxectivos propostos.
- Aspectos positivos e negativos no desenvolvemento do plan.
- Adecuación dos recursos dispoñibles.
- Adecuación da temporalización e horarios.
- Grao de participación e satisfacción da comunidade educativa nas actividades realizadas.
- Observacións e anotacións recollidas das impresións dos titores e titoras.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

CURSO 2022-2023

Profesorado especialista:

M^a JESÚS PICHER NÚÑEZ

CAROLINA VILLAR ÁLVAREZ

A Nosa intervención ten como finalidade traballar con alumnos que presentan N.E.A.E, ofrecéndolles unha resposta ós diferentes estilos e ritmos de traballo e empregando recursos específicos diferentes dos habituais, tendo en conta que non todos teñen as mesmas capacidades, intereses ou maneiras de aprender.

Dita intervención basearase na superación das dificultades das áreas instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo), proporcionando estratexias que axuden a mellorar o traballo.

Para elo, elaboramos e confeccionamos programas de intervención individualizada e personalizada, tendo en conta as necesidades do alumnado e implicando o compromiso do docente, alumno e familia.

Os programas de intervención teñen como referencia tanto o Plan de Orientación como o Plan Xeral de Atención a Diversidade, onde se deseñan medidas e accións que teñan como finalidade adecuar ás respostas educativas aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

Neste inicio de curso continuarase coas medidas de atención e intervención do noso alumnado facendo fincapé nos contidos marcados nos diferentes programas de intervención.

Os alumnos cos que vamos a traballar presentan:

- Necesidades educativas especiais: TEA e déficit cognitivo .
- Dificultades específicas de aprendizaxe na lectura, escritura e cálculo, asociadas, en varios casos, a déficit de atención (TDAH), erros de tipo disléxico e á escasa asimilación de novos retos académicos (pouca consistencia do aprendido), ou habilidades conversacionais e de pensamento creativo ou diverxente sen afianzar.
- Problemas actitudinais: conducta disruptiva, negativismo, pasividade e inestabilidade emocional.
- Dificultades de organización espacial.
- Déficit do desenvolvemento psicomotor.
- Situacións de desvantaxe sociofamiliar.

- Incorporación tardía ao sistema educativo español procedentes do estranxeiro, con desfase curricular e escaso coñecemento do idioma castelán e galego.
- Retraso madurativo nos procesos mentais básicos.
- Historial escolar desfavorable (sen escolarizar...).
- Desfase curricular significativo (A.C.S.).
- Trastorno específico da linguaxe (TEL).
- Déficit comunicativo e de interacción.

O obxectivo xeral da actuación docente é favorecer o máximo desenvolvemento das capacidades do alumnado tanto a nivel persoal, social, cognitivo ou emocional.

OBXECTIVOS XERAIS

- Reforzar as áreas instrumentais básicas. Adquirir hábitos de estudio e organización (aplicando estratexias de aprendizaxe e aprendendo técnicas para aprender a estudar ben, a razoar...) e desenvolvendo actitudes de atención e esforzo nas distintas tarefas.
- Buscar a máxima integración tanto nas aulas como nos tempos de lecer. Respectando as diferencias.
- Favorecer a autoestima, intentando mellorar as súas relacións, tanto persoais como sociais, tomando conciencia das súas posibilidades e superando as posibles dificultades de aprendizaxe.
- Colaborar coas familias en canto a estratexias de intervención no fogar, encamiñadas a promover unha continuidade do traballo no seu ámbito familiar.
- Participar na elaboración de programas de atención individualizada atendendo a problemática que presenta o alumnado.
- Acadar os obxectivos mínimos de cada alumno/a marcados na súa programación, ou na A.C.S. co fin de superar o desfase curricular ou acercar o Currículo ás súas capacidades.

- Desenvolver a autonomía persoal na realización das actividades que debe facer na súa aula de referencia, ofrecéndolle pautas concretas para que isto sexa posible.
- Valorar o traballo do alumno/a dentro das súas posibilidades e contribuír ao axeitado desenvolvemento emocional.
- Implicar aos pais e demais membros da comunidade educativa no proceso de aprendizaxe dos alumnos con n.e.a.e.
- Potenciar a xeneralización do aprendido a outros contextos, garantíndolle a funcionalidade das aprendizaxes.

Neste curso renovaranse tres Adaptacións Curriculares en Educación Primaria: unha de 3º curso, unha de 4º curso e unha de 6º curso. Ademais iníciase o proceso para a realización de unha para 3º curso e dúas para 5º curso.

METODOLOXÍA

- O que se pretende é potenciar que os alumn@s adquiren as súas propias estratexias, establecendo analoxías que lles axuden a ser cada vez máis autónomos na realización das súas tarefas.
- Intentarase crear un clima de seguridade e confianza que lles permita aumentar paulatinamente a motivación.
- Utilizarase unha linguaxe clara e estruturada a través de actividades secuenciadas, co fin de que o neno/a adquira un maior grado de habilidade e autonomía.
- Utilizarase reforzos positivos ante calquera esforzo ou logro acadado, especialmente verbais e sociais, resultando estes moi motivadores e intentando así despertar nos alumnos/as a curiosidade e as ganas de aprender.
- Progresivamente irase aumentando a autonomía na realización das actividades procurando evitar o fracaso e reforzando, de forma inmediata, cada logro acadado, proporcionando toda axuda e instrucións necesarias para ir eliminándoas paulatinamente.
- Pártese sempre do nivel de cada alumno, vinculando os contidos escolares cas súas vivencias, asegurando unha aprendizaxe significativa e favorecendo

situacións nas que os alumnos/as poidan aplicar ditos aprendizaxes.

- Adáptase o nivel de esixencia ás súas posibilidades, tanto no referido ás dificultades como ao tempo de execución, proporcionándolle toda a axuda necesaria para evitar o fracaso.
- Inténtase crear un clima de confianza e seguridade que motive e aumente o interese, despertando a curiosidade e as ganas de aprender.
- Utilizaranse métodos de lecto-escritura e estratexias de aprendizaxe que teñan como fin a superación das dificultades.
- Relacionaremos recursos da contorna co material de aula, para fomentar a conexión entre o ámbito social e escolar.

Os **materiais** utilizados serán:

- Materiais impresos que buscaremos, seleccionaremos e elaboraremos para cada sesión, valorando a participación e traballo.
- Material audiovisual e multimedia que desenvolverá a creatividade, imaxinación, atención, concentración...para que axude á comprensión e á asimilación dos contidos traballados.
- Material manipulativo que terá como finalidade potenciar a coordinación óculo-manual, como paso previo para a mellora da escritura e para a interiorización dos contidos específicos de aprendizaxe, que permita acadar unha plena autonomía en todas as actividades a realizar.

VALORACIÓN

Inicial: é fundamental para saber dende onde partimos á hora de programar as actividades e propoñer obxectivos realistas e alcanzables para o alumnado. Inclúe datos obtidos da información que proporciona o mestre ou mestra, a propia observación directa e indirecta, e se é o caso do informe psicopedagóxico.

Continua: levarase a cabo un rexistro do alumno/a e faranse as modificacións oportunas segundo a súa evolución. Coordinación entre P.T., titor e especialistas.

O final do curso elaborárase un informe para o expediente de cada alumno/a.

AUDICIÓN E LINGUAXE

CURSO 2022-2023

Profesorado especialista:

M^a Teresa Pérez González

Laura Brenlla Pereira

O presente curso 2022/2023 atenden aos alumnos de Audición e Linguaxe dúas mestras especialistas: **M^a Teresa Pérez González** mestra con destino definitivo no centro e unha mestra, **Laura Brenlla Pereira**, provisional.

As mestras especialistas de Audición e Linguaxe atenderán ao alumnado que presente dificultades nos seguintes aspectos: *atraso na linguaxe, trastornos da articulación*, retraso madurativo con afectación a linguaxe, *TEA, TDL, Dislexia...* e *todas aquelas dificultades relacionadas co ámbito comunicativo e lingüístico*.

OBXECTIVOS DA INTERVENCIÓN

O obxectivo xeral como mestres especialistas de A.L. será:

Dar resposta ás necesidades comunicativo-lingüísticas dos/das alumnos/as que así o precisen, co fin de contribuír ao desenvolvemento <i>das competencias especialmente a competencia comunicativo-lingüística, competencia persoal, social e de aprender a aprender</i> .
Elaborar Programas de intervención Individualizados para cada un dos alumnos/as que precisen a intervención das mestras de AL.
Colaborar co profesorado titor na programación de actividades para a prevención e tratamento de dificultades nas áreas de lingua.
Colaborar co profesorado titor na realización e planificación de actividades para as Adaptacións curriculares, orientar sobre recursos materiais e didácticos
Suxerir actividades nas que se promova a inclusión e a equidade do alumnado con dificultades dentro do grupo de referencia.
Colaborar con todas aquelas propostas que xurdan no Departamento de Orientación e participar na detección das necesidades do ámbito comunicativo que presenten os alumnos e alumnas do centro.
Proporcionar información ás familias do alumnado con NEAE sobre as necesidades que na área da linguaxe presenten os seus/súas fillos/as e o tipo de intervención que se vai levar a cabo con eles/elas, potenciando a participación da familia no proceso de intervención.

METODOLOXÍA

Partimos duns principios básicos como son a **prevención**, a **detección temperá de necesidades**, a **inclusión** e a **participación de toda a comunidade educativa**.

Consideramos prioritaria a **detección e atención temperá**, xa que unha NEAE de

carácter transitorio ou permanente diagnosticada a idades temperás, cunha intervención axeitada, pode compensar as dificultades que presente o neno/a.

Os principios metodolóxicos nos que se basearán as intervencións, serán, con respecto ao alumnado, **partir sempre do nivel de desenvolvemento do alumno/a**, potenciar unha **aprendizaxe significativa, funcional e activa**.

Por outra banda, as aprendizaxes basearanse nos seus intereses e motivacións, de cara a mantela atención e espertar o interese por aprender. É importante ter en conta o **carácter lúdico** da nosa intervención, que favorece a motivación, asegurándonos de proporcionar a sensación de éxito no/a neno/a ao finalizar as sesións.

As intervencións na linguaxe son máis eficaces cando se desenvolven en situacións comunicativas de uso habitual; por iso debe predominar o **ensino natural da linguaxe**, usando técnicas coma o “ensino incidental”, na que se aproveitan situacións naturais para xerar aprendizaxes,. As actividades propostas serán moi diversas, tal e como ocorre nas interaccións comunicativas naturais.

Á hora de realizar as actividades, daremos tempo suficiente para expresarse, procurándolle sistemas de axuda, coma a **imitación** o **feed-back correctivo**, e o **moldeamento**. Favorecerase un **clima de confianza e afecto**, minimizando os seus fracasos e **resaltando os seus logros** e potenciando a **educación socio-emocional** a través do **reforzo positivo**. Facilitaranse, tanto na aula ordinaria como na de apoio, situacións ou experiencias de **convivencia**, que fomenten o **traballo cooperativo** e o respecto á diversidade de todo o alumnado.

Debemos asegurar a **coordinación** con todos os **profesionais** implicados, tanto **internos** (DO, especialistas de PT, profesorado titor, profesorado especialista e coidadoras), como **externos** (EOE, Asociacións, fisioterapeutas e logopedas de ámbito privado, Servizos Sociais e Profesionais médicos). Haberá que fomentar a **colaboración familiar**, tanto como fonte de información, como colaboradora no programa de intervención (pautas metodolóxicas básicas, favorecer a autonomía, evitar a sobreprotección...), garantindo desta maneira, a continuidade e coherencia no programa educativo entre a familia e o centro.

RECURSOS

No centro cóntase cos seguintes recursos:

- Humanos: mestres de Audición e Linguaxe, mestras de PT, Titor/a, Xefa do Departamento de Orientación e outros externos ao centro se fosen precisos (logopedas

de ámbito privado, servizos de Atención Temperá, ASPANAES, centro de recursos CEE Navalón, CEE Barcia e outros profesionais).

- Materiais: serán específicos para cada dificultade a tratar. Os empregados con maior frecuencia serán:

a) Materiais de manipulación: xoguetes, bonecos...

b) Materiais específicos:: espello, guía-linguas, material humano (mans, dedos...).

c) Materiais de discriminación auditiva: app, instrumentos, programas interactivos de recoñecemento e identificación de sons e material humano (mans e pés facendo ritmo, voces de diferentes tipos...).

d) Materiais de expresión e comprensión (oral e escrita): láminas, murais, parchís con debuxos dun fonema concreto, tarxetas de vocabulario visual, lotos fonéticos, listas de palabras plastificadas, fichas para traballar cada un dos fonemas...

e) Material tics: ordenador e programas interactivos

f) Material máis específico: haberá que ter en conta que a meirande parte dos materiais cos que se traballarán serán de elaboración propia, de cara a que sexan significativos para o alumnado, respectando os principios mencionados con anterioridade.

TEMPORALIZACIÓN

Durante o presente curso a organización dos horarios será flexible e modificada en función das necesidades do centro e do alumnado. A intervención non se centrará exclusivamente no ámbito rehabilitador, senón que a estimulación, prevención e detección precoz de dificultades serán eixes centrais do noso traballo.

A distribución do horario será o seguinte: atención na aula ordinaria, colaborando cos titores, atendendo aos alumnos con NEAE. Atención ao alumnado con NEAE na aula de audición e linguaxe. Neste caso, o número de sesións dependerá das necesidades de cada alumno/a e se estas son permanentes ou transitorias; as medidas e respostas educativas que se lles ofrezan deben conformar un continuo que vaia dende as máis ordinarias, ata aquelas máis permanentes e extraordinarias.

Asistencia ás reunións da CCP, do claustro e do DO. Reunións de asesoramento e coordinación cos titores e titoras de alumnos que se atenden e as relativas aos programas de estimulación da linguaxe oral. Reunións coas familias.

AVALIACIÓN.

A avaliación levarase a cabo en dous ámbitos: avaliación dos alumnos e alumnas e dos seus progresos e a avaliación da nosa práctica docente a través dos programas de intervención, isto permítenos verificar se os obxectivos propostos son adecuados e reaxustar os elementos necesarios.

Ao comezo do curso será preciso realizar unha **avaliación inicial** onde se determinan as necesidades do alumnado, o centro e o contexto, utilizando os instrumentos necesarios.

Ao longo do curso farase unha **avaliación continua** para adaptar as intervencións ás necesidades que vaian xurdindo e modificar o que sexa necesario, que partirá das reunións cos axentes implicados como o DO, profesorado e as familias, e dos rexistros das sesións. Servirá para controlar a eficacia das accións que se están levando a cabo.

Ao remate do curso, farase a **avaliación final**, que servirá para valorar a consecución dos obxectivos, a selección de contidos, a adecuación das actividades, as actuacións como mestras de AL.

No caso do alumnado con NEAE, ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial a partir dos datos obtidos da avaliación psicopedagóxica, se a tiveran, da información que nos proporcione o titor/a, dos informes de cursos anteriores e da observación directa e indirecta que fagamos do /a alumno/a; dita información servirá para axudarnos a coñecer o punto de partida do neno/a, permitíndonos regular máis axeitadamente o apoio que deberemos prestar.

A partir deste momento, procederemos de forma continuada a levar a cabo un seguimento do/a alumno/a cunha dobre finalidade: por un lado, detectar e por remedio ás dificultades que impiden o desenvolvemento dos/as nenos/as e, por outro, previr posibles dificultades que poidan xurdir nun futuro. Un poderoso instrumento ó servizo deste tipo de avaliación será a observación continuada das actividades desenvoltas polos alumno/as. Estas observacións poderán quedar reflectidas nunha ficha de rexistro ou nun diario de clase para ver a progresión dos nenos/as ao longo de todo o curso.

Tamén se informará de forma periódica ao titor/a do/a alumno/a sobre a evolución dos mesmos. Ao rematar o curso elaborárase un informe final de cada alumno/a.